

MEMORIAL

ATOCHAS 1937



O BARRIO NON ESQUECE

www.refuxiosdamemoria.org | memorial@refuxiosdamemoria.org

A CORUÑA

29 de novembro - 8 de decembro

PRAZA CÁNTIGAS DA TERRA
LIBRARÍA O FIANDÓN - LIBRARÍA BERBIRIANA
O CÁRCERE



Na madrugada do 10 de Xullo do 1937 varios veciños e veciñas libertarias de Atochas - Monte Alto foron asasinados por tropas de asalto fascistas, tras irrumpir nas casas refuxio das Atochas.

Defender a liberdade, reclamar a xustiza social, e non pregarase ao réxime franquista costoulles a vida.

Xa pasou case un século, pero seguen a habitar o espírito deste barrio.

ATOCHAS 1937 | O BARRIO NON ESQUECE

XA PASARON MÁIS DE OITENTA ANOS, PERO NON ESQUECEMOS.

Na madrugada do 10 de xullo de 1937 as veciñas e veciños das Atochas, María Otero, Fernando Caamaño, Carlos Miguel Pérez “Moreno”, Jesús Rodríguez “Chucho”, Alicia Dorado, Antonio Fournierakis “El Viejo”, José Valeiro e Julio Acebedo, foron asasinados por tropas de asalto fascistas, tras irrumpir nas casas-refuxio de Atocha Alta nº55 e da Rúa do Carme nº6.

Defender as liberdades, loitar pola xustiza social, e non someterse ao Réxime totalitario instaurado trala sublevación militar costoulles a vida a eles e a outros moitos compañeiros e compañeiras nos días seguintes.

REPRESIÓN E RESISTENCIA

Os asaltos do 10 de xullo de 1937 e as persecucións, encarceramentos e execucións que se desencadearon ata o día 21 do mesmo mes, constitúen o penúltimo episodio dunha longa historia de Represión e Resistencia protagonizada polo movemento obreiro coruñés organizado en torno á FLO. A folga de Consumos de 1901, que se saldou con 8 mortos e máis de cen detidos, e as folgas do ramo da construción de 1906 e 1933, foron algúns dos momentos de maior tensión e nos que se alcanzaron grandes fitos como a imposición da primeira negociación colectiva do Estado ou as xornadas laborais de oito e seis horas.

Toda esta capacidade de organización, mobilización e resistencia, que levou a un cronista da época a considerar A Coruña como unha “colonia libertaria” e un “cantón sindicalista”, púxose ao servizo da liberdade tras o golpe de Estado militar de 1936, nun primeiro momento enfrontándose

polas armas contra os golpistas, tratando de reorganizar as redes de resistencia para plantar cara ao Réxime tras a toma da cidade polo poder sublevado, así coma organizando fuxidas polo mar cara a territorios aínda baixo o réxime republicano.

XA PASOU CASE UN SÉCULO, PERO SEGUEN A HABITAR O ESPÍRITO DESTES BARRIO.

Atochas foi o fogar de moitos militantes libertarios. O seu espírito loitador e a súa dignidade son parte integrante do carácter deste barrio, pero o seu recordo vivo permanece mudo.

Durante a ditadura, a memoria e a dignidade destes defensores e defensoras da liberdade tivo que agocharse na intimidade dos recordos familiares e trala caída do Réxime, ésta, tan só foi reivindicada dende espazos militantes, académicos ou memorialistas.

XA É TEMPO DE DEVOLVER ESTA MEMORIA A ONDE PERTENCE: AO ESPAZO PÚBLICO DO BARRIO.

Con ese espírito é co que propoñemos a creación dun Memorial na praza Cántigas da Terra, corazón libertario do barrio. Queremos cruzar arte e historia, como xeito de recuperar, esclarecer e reparar a memoria e legado destes libertarios e libertarias. Con isto queremos tamén rendir homenaxe a todos os loitadores e loitadoras antifascistas da cidade, nestes tempos nos que os fascismos ameazan con rexurdir.



O BARRIO NON ESQUECE

XOVES, 29/11, 21h

Bar O Alfaiate
Concerto
FERNANDO CEIDE

SÁBADO, 01/12, 12:30h

Librería Berbiriana
Concerto
FÉLIX ARIAS

SÁBADO 08/12, 12h

Antigo Cárcere
Obradoiro | FRAN QUIROGA
A PRAZA É NOSA!
Obradoiro de comúns urbanos

XOVES, 6/12 | XORNADAS ABERTAS

PRAZA CÁNTIGAS DA TERRA
(en caso de choiva, na Librería O Fiandón)

12:00 Presentación | Carmen Cotelo

12:15 Charla | Emilio Grandío
Sublevación militar e resistencia obreira nas
Atochas

13:00 Charla-recital | Claudio Rodríguez Fer e
Carmen Blanco
Mulleres libertarias, casas -refuxio e redes de
resistencia antifascista

14:00 Poesía | Manolo Rivas
Cen mil estorniños

14:15 Concerto | ASTROGIRL

15'00: Xantar Comunitario

16:30 Charla | Aldara Cidrás

O relato histórico oficializado e as memorias de
resistencia

17:00 Testemuñas | Dolores Ares, Fernando Souto,
Chema Palacios
Memorias en primeira persoa

18:30 Charla | Xose Lois Martínez e Emilio Argiz
Espazo urbano, lugares de memoria e conservación do
patrimonio obreiro

19:00 Charla | Fran Quiroga
iA praza é nosa! Arredor dos comúns urbanos

19:30 Peche | Xurxo Souto

20:00 Concerto | Fernando Ceide e +



www.refuxiosdamemoria.org
memorial@refuxiosdamemoria.org

Colaboran:



berbiriana
libros e grolos

FIANDÓN



Apoia:



CORUÑA
>PRÓXIMA